

HISTORIA DUHA VECIÑANZA

[Nagaya shinshiroku, Yasujiro Ozu
1947, Xapón, 72 min., VOSE]

Lingua **Xaponés**

Dirección **Yasujiro Ozu**

Guión **Yasujiro Ozu, Tadao Ikeda**

Fotografía **Yûharu Atsuta**

Montaxe **Yoshi Sugihara**

Son **Rokusaburô Saitô, Yoshisaburô Senoo**

Música **Ichirô Saitô**

Elenco **Chôko Iida, Hôhi Aoki, Eitarô Ozawa, Mitsuko Yoshikawa, Reikichi Kawamura, Hideko Mimura, Chishû Ryû, Takeshi Sakamoto, Eiko Takamatsu**

Produtora **Shôchiku (Xapón)**

Distribución **A Contracorriente Films**

No difícil Xapón da posguerra, Kohei, un neno extraviado, chega accidentalmente a mans de Otane, unha viúva de carácter agre que o acolle na casa de mala gana. A muller rexeita o neno, que lle ocasiona numerosas molestias e esforzase por localizar o pai do cativo, que semella que foi abandonado.

OUTUBRO

Martes 29 **MÚSICA**

(Angela Schanelec, 1923, Alemaña, 108 min., VOSG)



HISTORIA DUNHA VECIÑANZA

YASUJIRO OZU

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)



[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



CINECLUBE PONTEVEDRA

MEMORIAS DUN INQUILINO OU HISTORIA DUNHA VECIÑANZA OU QUEN É QUEN NA VECIÑANZA

Apenas volví da guerra, exhausto, a produtora esixíume que fixese axiña outro filme. Escribín o guión en doce días. «Podes escribir o guión en tan pouco tempo?», preguntáronme. Eu respondín que só nesa ocasión, que despois non sería así. O asunto foi que en Singapur vira máis filmes estranxeiros que en toda a miña vida. Houbo quen pensou que de certo eu volvería cambiado... Mais fixen Historia dunha veciñanza e logo dixéronme que non cambiara nada, que seguía a ser testalán coma unha mula.

YASUJIRO OZU

Este filme profundo e sinxelo coma unha pedra limpa foi, como di Ozu, o primeiro que lle convidaron a rodar ao volver da guerra. Como foi escrito en só uns días exsuda unha sinxeleza case obscena. Nalgún sentido é o último dos filmes dos 30 que fixo Ozu aínda que xa asomasen os anos 50 no calendario e aínda que o goberno norteamericano imperante en Tokio tivese baixo o seu peculiar xugo un Xapón humillado e ruinoso que pouco tiña que ver co pseudoimperio idiotizado dunha década atrás, cando mobilizaron o noso director para dirixir o tráfico en Xangai. A ocupación estadounidense das illas tivo, como é sabido, unha importante influencia na cultura de masas. Todos os filmes, por suposto, debían pasar unha censura e concibirse baixo un estraño equilibrio, pois por unha parte non estaba permitida a exaltación patriótica de ningunha clase, mais por outra tampouco se permitía dar conta precisa da humillación á que o país fora sometido na guerra nin, polo tanto, insistir nas consecuencias dela.

É por iso que *Historia dunha veciñanza* é un filme que se podería adscribir a ese peculiar microxénero chamado cinema de entullo (*Trümmerfilme* cando se aplica só aos filmes alemáns), se ben no caso de Xapón acontece que entullo, a verdade, pouco se mostra. En primeiro lugar, porque moitas barriadas populares arrasadas polas bombas incendiarias eran feitas de casas de madeira e papel de arroz, polo que pouca ruína sólida quedou. Mais, sobre todo, había que evitar mostrar a devastación por mandato da autoridade competente. Á falta de cascotes, crianzas. E así se prodigaron algúns filmes centrados na situación desesperada das miles de crianzas que quedaron vagando polas rúas.

Ozu, coa súa modestia habitual, optou por contar a historia dun só neno, limitando ao máximo medios e recursos, tanto materiais como artísticos, de tal xeito que o que queda é unha pequena obra mestra breve e mínima que, non obstante, con-

segue que case cada un dos seus escasos 70 minutos se nos aloxe no corazón. Antes de nada, aclaro o triplo título: ás veces preséntase como *Historia dunha veciñanza* e outras como *Memorias dun inquilino*, mais como ben explica Antonio Santos, realmente a tradución do título sería algo así como *Quen é quen* ('shinshi-roku') na veciñanza ('nagaya').

Por ser tan concisa e merecer tanto a pena, limitome a sinalar os seus dous momentos máis recordados. O primeiro, máis ca a anécdota en si, é a imaxe máis lembrada e debatida de *Historia dunha veciñanza*. Coma todas estas crianzas da guerra, Kohei ten incontinencia urinaria provocada polo estrés postraumático. Isto foi un problema nacional no Xapón, coma en todos os países onde se bombardea a poboación civil. Hiroshi Shimizu mesmo ten cantidade de escenas na súa filmografía dedicadas a esta síndrome cuxa solución, segundo o arisco director de tantos filmes infantís, é darlles de comer ás crianzas tres gramos de sal disoltos en auga antes de se deitaren.

Este truco non o sabía a nosa viúva, así que o neno méxaselle a primeira noite, e para que aprenda a lección faille tender e secar o futón húmido a el mesmo. E ese futón mexado por un neno da guerra volveuse a imaxe icónica deste filme. Esa colcha sucia e pobre lembra tan poderosamente a bandeira de EE UU que fai ata dudar de que non só Ozu senón toda a equipa de rodaxe e posproducción se atrevesen a facer unha burla tan groseira do invasor. Se a cousa foi intencionada ou non ninguén puido confirmalo, mais é unha desas ideas tan boas e valentes que hai que dala por real, imprimir a lenda.

A outra escena recordada desta pequena xema é a visita ao fotógrafo que fan Chiko Iida e o neno cando xa, tras varios reencontros e desencontros, aprenderon a quererse. Ademais de polo seu sinxelo lirismo e polo simpática que é, a escena desde o punto de vista histórico e crítico ten un momento moi especial, unha pequena excursión pola tanxente do efectismo, que Ozu non percorría desde os seus anos mozos e os seus filmes de estudantes e gángsters. Trátase do retrato que se fan, que Ozu capta desde o interior da cámara. Ao colocarnos xusto detrás do obxectivo, dentro desa reducida cámara que lle dá nome á máquina de retratar, o mestre consegue sacarnos aos espectadores e aos personaxes do mundo gris e destruído que fica fóra. Aí dentro da cámara, onde as figuras se manifestan volteadas e as conversas se converten en ecos indiferentes, por fin Kohei e Otane son unha familia. Do revés, pode ser, pero saíron lindos e agora, retratados, han perdurar.